



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

ANTECEDENTES

1. A convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022, anunciada a través da Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 13 de xuño de 2022.
2. As solicitudes presentadas ao abeiro da antedita convocatoria e a orde de preferencia de destinos manifestada por cada candidato na súa respectiva solicitude.
3. O exame das solicitudes e da documentación complementaria achegada con aquelas, así como as actuacións do órgano instructor conforme a este exame.
4. A valoración de méritos realizada pola comisión de valoración constituída segundo o establecido no artigo 14 da dita Orde do 13 de xuño de 2022.
5. A acta das reunións mantidas pola antedita comisión de valoración á que se xuntan as táboas de valoración de méritos de cada destino convocado e nas que se inclúe non só a puntuación total dos candidatos admitidos, senón tamén o detalle de puntuación en cada un dos apartados baremados.
6. A proposta de resolución provisional exposta a información pública por un prazo de dez días.
7. O transcurso do prazo de exposición pública, así como a recepción, exame e desestimación das alegacións presentadas durante o dito prazo.
8. A renuncia de Laura Pereira Porto (**0840**), adxudicataria provisional da praza da Universidade de Roma (Italia), presentada o 19/09/2022.
9. A renuncia de Pablo Fernández Sampedro (**8774**), adxudicatario provisional da praza da Universidade de Berlín (Alemaña), presentada o 28/09/22.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo).
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño).





- O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).
- O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado o 21 de setembro de 2004 polo Parlamento de Galicia.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística ten competencia material e funcional consonte a lexislación seguinte:

1. O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 4 de xullo).
2. A Orde do 13 de xuño de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se publican as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022 (código de procedemento PL500E) (DOG núm. 122, do 28 de xuño).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Como titular do órgano instructor do procedemento para a adxudicación de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas, con base nos antecedentes e consideracións legais e técnicas expostas e de acordo coas facultades que me atribúe o artigo 13.1 da Orde do 13 de xuño de 2022, esta subdirectora xeral de Política Lingüística formula a seguinte proposta de **RESOLUCIÓN DEFINITIVA**:

- Declarar desertas as seguintes prazas:

- Universidade de Berlín pola renuncia de Pablo Fernández Sampedro, adxudicatario provisional.
- Universidade de Padua porque Lucía Salceda García resultou adxudicataria da praza da Universidade do Algarve que solicitou en primeiro lugar.
- Universidade de Río de Janeiro pola renuncia da única persoa candidata.
- Universidade de Roma pola renuncia de Laura Pereira Porto, adxudicataria provisional.
- Universidade de Zádár por non ter solicitantes.





- Adxudicar as bolsas convocadas, pola contía mensual establecida no artigo 3.1 e polo período indicado no artigo 2 da devandita orde, aos solicitantes relacionados na seguinte táboa¹:

Destino	Apelidos e nome	NIF
Universidade do Algarve (Portugal)	Salceda García, Lucía	***6071**
Freie Universität Berlin (Alemaña)	-----	-----
Università degli Studi di Padova (Italia)	-----	-----
Universidade do Estado do Rio de Janeiro (Brasil)	-----	-----
"Sapienza" Università di Roma (Italia)	-----	-----
Sveučilište u Zadru (Croacia)	-----	-----

Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Política Lingüística

M^a Lourdes Batán Aira

¹ Xúntanse a esta proposta, como anexos, as táboas de valoración de méritos realizadas pola comisión de valoración.



